

XXIV CONCURSO DE RELATO ORAL



Tírale da lingua é un proxecto da AS-PG, dirixido ao alumnado e profesorado, co obxectivo de incentivar e normalizar o uso oral da nosa lingua, converter o idioma en instrumento de comunicación normal, de creación e recreación de historias, de lingua de uso do noso sistema educativo, en definitiva, de devolverlle ao galego o espazo que lle corresponde.

E sobre todo, asegurar a competencia na fala entre o noso alumnado!

BASES DO CONCURSO

1^a As historias poderán ser de base popular, de base literaria ou creación propia.

2^a As historias contaranse en galego.

3^a Nas historias valorarase a calidade lingüística e o seu carácter construtivo e pedagóxico (linguaxe non discriminatoria, linguaxe non sexista...), dicción, dramatización ou espontaneidade.

4^a Valorarase con menos puntuación aqueles vídeos nos que o texto sexa lido.

5^a Os/as participantes concursarán individualmente ou en grupo, pero sempre respectando o tempo máximo por actuación que será de 5 minutos. A superación dese tempo pode supor a descalificación. Poderán participar cun máximo dunha historia.

6^a O concurso vai destinado a tres niveis académicos.

1) Primaria.

2) 1º, 2º e 3º ESO

3) 4º ESO e ensino postobrigatorio.

7^a O concurso farase en dúas fases con carácter selectivo:

1) A nivel centro de ensino.

2) A nivel nacional.

8^a Na primeira fase será o propio centro o que determine e se responsabilice dos posíbeis premios aos concursantes. O número de concursantes que pasarán da primeira á segunda fase será de cinco contadas por categoría e centro.

9^a A formalización da inscrición no concurso por parte dos centros realizarase antes do día 14 de novembro de 2025 respondendo a este formulario: <https://forms.gle/6wLjvzRwJEk7zLXcA>

A ligazón do mesmo tamén estará nunha entrada no blog <https://bitaculas.as-pg.gal/>

Os dez primeiros centros inscritos poderán contar con unha sesión de contacontos no propio centro.

O envío dos vídeos será a partir destoutro formulario antes do 21 de novembro de 2025: <https://forms.gle/bPsFdghPvDhRTP7z5>

10^a A fase final celebrarase a finais de novembro. O xurado visionará os traballos realizados e escollerá aos gañadores e gañadoras.

11^a Na fase final concederase un primeiro premio por nivel cun valor de 250 euros e un segundo, se o xurado así o estima, por valor de 150 euros. Os centros de ensino dos participantes gañadores e gañadoras recibirán un premio do mesmo importe.

12^a O xurado estará composto por tres persoas alleas aos centros participantes con experiencia nestas actividades, actuando de secretario/a un representante de Asociación Socio-Pedagólica Galega.

13^a A participación no concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases.